

PROXECTO DE ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓN PATRONAIS E SINDICAIS DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO SOBRE O ABOAMENTO DAS SUBSTITUCIÓN NOS MESES DE XULLO E DE AGOSTO, ASÍ COMO DO INCREMENTO DO MÓDULO DE PERSOAL COMPLEMENTARIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL DAS UNIDADES CONCERTADAS DE AUTISMO OU PROBLEMAS GRAVES DE PERSONALIDADE.

A circular 2/2001 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamento dos concertos educativos establece, no seu punto 5, apartado c), que as substitucións aboaranse durante o curso e ata a incorporación do titular e, en todo caso, ata o 30 de xuño. Por conseguinte non se están aboando substitucións durante os meses de xullo e agosto.

Á vista da lexislación vixente, procede modificar a citada circular no sentido de aboar as substitucións durante o curso escolar, asumindo o custo das substitucións do profesorado en nómina de pago delegado durante os meses de xullo e agosto, sempre que a vacante se produza antes do 16 de xuño de cada ano, xa que o punto 5, apartado b) da mesma circular establece que non se admiten altas de substitutos cunha duración inferior a 15 días.

Polo tanto, o profesor substituto permanecerá en pago delegado ata a incorporación do titular da praza ou calquera outra circunstancia que dea lugar a extinción do seu contrato de traballo, e non como se facía con anterioridade ata o 30 de xuño.

Por outro lado, a Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia é consciente da especial dificultade que supón a atención ao alumnado con autismo ou problemas graves de personalidade, polo que cómpre revisar o módulo de persoal complementario aplicable a estas unidades concertadas coa finalidade de que os centros dispoñan dos recursos suficientes para unha adecuada atención deste alumnado.

Polo anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais da ensinanza privada concertada da Comunidade Autónoma de Galicia adoptan o seguinte

A C O R D O :

1º) ABOAMENTO DAS SUBSTITUCIÓN NOS MESES DE XULLO E AGOSTO.

Modifícase o apartado 5, letra c) da Circular 1/2003, que queda redactado da forma seguinte:

“A Administración Educativa aboará as substitucións durante o curso escolar, asumindo o custo das substitucións do profesorado en nómina de pago delegado durante os meses de xullo e agosto, sempre que a vacante se produza antes do 16 de xuño de cada ano.

O profesor substituto permanecerá en pago delegado ata a incorporación do titular da praza ou calquera outra circunstancia que dea lugar a extinción do seu contrato de traballo”.

2º) MODIFICACIÓN DO MÓDULO DE PERSOAL COMPLEMENTARIO APLICABLE ÁS UNIDADES CONCERTADAS DE AUTISMO OU PROBLEMAS GRAVES DE PERSONALIDADE.

O módulo de persoal complementario das unidades concertadas de autismo ou problemas graves de personalidade queda fixado en 22.750,78 euros anuais.

3º) ENTRADA EN VIGOR.

Este acordo será de aplicación a partir do 1 de setembro de 2007.